



/ O que fixemos... / Comida “de traje”.

Actuación en Cariño.

Como membros da Asociación Cultural Tanxedoira, queremos compartir convosco a experiencia tan positiva que vivimos na nosa visita ao Certame de Rondallas de Cariño 2025. Foi unha xornada realmente especial, na que nos sentimos acollidos desde o primeiro momento pola Rondalla de Cariño, entidade organizadora do evento, á que queremos agradecer a súa excelente organización e a súa hospitalidade.

Queremos destacar tamén a cercanía e amabilidade da súa directora, Marisa, sempre pendente de todos os detalles e contribuíndo a crear un ambiente cálido e respectuoso entre as agrupacións participantes.

Nesta ocasión, Tanxedoira acudiu coas súas dúas formacións: o coro Tanxedoira e a Rondalla Tanxedoira, que se uniron por primeira vez nunha actuación conxunta. Esta experiencia foi moi enriquecedora para todos nós e, polo que podemos percibir, tamén resultou moi agradable para o público asistente.

Sen dúbida, foi unha xornada para lembrar, na que desfrutamos da música, da convivencia e do orgullo de compartir escenario. Agardamos poder repetir esta experiencia en futuras edicións. 📌

Raúl Muñoz.



Un momento da actuación no Festival de Cariño.

A Comida de traxe que tivemos o 11 de novembro foi, unha vez máis, unha fermosa escusa para xuntarnos e compartir. Cada quen puxo o seu gran de area —pratos caseiros e tamén comprados—, dando lugar a unha mesa tan variada como xenerosa: tortilla, empanada, embutidos, petiscos e unha auténtica chea de sobremesas, entre larpeira, rosquillas, biscoitos e tortas moi especiais e saborosas feitas na casa. Como xa é costume, a velada alongouse entre música, baile e moitas risas, confirmando que o mellor do encontro non estivo só na comida, senón na compañía. Esta xuntanza, que xa é tradición celebrala durante o primeiro trimestre do curso, serve ademais para que os últimos socios en incorporarse e os de diferentes actividades se coñezan. 📌

Patricia Matilla.



Gozando da música despois da comida.

Actuación en Sanitas.

O sábado 29 de novembro tivemos o privilexio de tocar coa rondalla nunha residencia de maiores, unha experiencia que nos marabillou.

Ao chegar, estaban xa preparados nos seus asentos, cunha mestura de curiosidade e amabilidade, pero tamén con esa seriedade natural de quen acolle unha visita descoñecida.

Con algo de nervios, arrancamcos cos primeiros compases de Love Story. Pouco a pouco, as miradas foron amainando e apareceron os primeiros sorrisos tímidos. O noso director, Raúl, coas súas intervencións cálidas e cercanas, ía guiando a música cara ós recordos de cada un, contándolles

as historias das cancións e explicándolles, con cariño, detalles da nosa agrupación musical.

E entón chegou Sebastopol. Á invitación de Raúl, as palmas empezaron a soar: primeiro tímidas, logo con forza e, cara ó final, toda a sala acompañándonos. Foi un momento máxico.

Ao rematar, todos estaban sorrintes e felices. Algúns mesmo se achegaron para nos dar as grazas, coa emoción á brillar nos ollos. E nós, sinceramente, sentiámonos igual: emocionados, felices e moi afortunados por poder compartir a música con eles.

Porque, ao final, a música ten ese poder único: une á xente e cura a alma. E o sábado volveuno demostrar.👉

Laura Fraguio.



Cantando en Sanitas

Festival Nadal e Chocolatada.

É apaixonante para esta parella andaluza recentemente chegada a esta fermosa terra , participar por primeira vez en Nadal nesta rondalla e este coro que a fortuna cruzou no noso camiño.

Más aínda cando uns días despois, alguén alleo á asociación , nun café confésache con entusiasmo que se emocionou vendo a nosa representación.

Coro e Rondalla nunha bonita complicidade suma e multiplica potencial.

E todo non queda aí!

Hábiles Pandeiretas soaron con brillantez.

Acordeóns nun bonito suspiro que aprende a cantar.

Un teatro cheo de humor e travesuras!

Estudantes de guitarras e bandurra mostraron os seus coñecementos con lindas melodías.

E ao final ... a chocolatada que non podía faltar!..

Boas persoas no mellor ambiente.

A deusa fortuna non puido ser máis dilixente connosco.

Tanxedoira, por sempre nos nosos corazóns!!👉

Luis Pérez e Lola Muñoz.



Actuación de teatro durante o festival.

Actuación en Carrefour.

Hai actuacións que son un “bolo” máis no calendario. E despois hai outras que son unha declaración de intencións: desas que non se miden en decibeis, senón en sorrisos, en pel de galiña e en comunidade.

O pasado 2 de xaneiro, a nosa familia Tanxedoira puxo o seu gran de area (e que gran) no sprint final das compras de Reis. O coro da Asociación Cultural de Tanxedoira, xunto cunha representación da nosa espléndida rondalla, achegouse ao Carrefour de Alfonso Molina para facer o que mellor sabe: converter un espazo cotián nun pequeno fogar compartido. Porque sí: tamén pódese facer cultura entre carros da compra, turróns de última hora e “collín isto por se acaso”.

Os organizadores situáronnos (estratexicamente) na entrada do supermercado, para que ninguén escapase da maxia: dous pases, un ás 18:00 e outro ás 19:00. Primeiro abrimos o corazón e logo repetimos por se alguén chegou tarde. E vaia se chegou xente.

O repertorio foi un mezcolanza de panxoliñas de toda a vida, desas que xa veñen coas lembranzas incorporadas, e tamén de creación propia, coas que Tanxedoira deixa claro que non só interpreta: tamén crea, innova e constrúe legado.

Soaron e fixeron cantar, literalmente, a máis dun viandante, baixo a inigualable batuta do noso Director, Raúl Muñoz: el Chiquirritín, el Burrito Sabanero, el Tamborilero, Hacia Belén va una burra, Los peces en el río e Campana sobre campana. E o mellor da tarde non foi o número de móbiles gravando: foi ver como a xente acompañaba co ritmo, tarareaba, sorría e, por un momento, esquecía as présas. Unha especie de “pausa activa” colectiva, pero con espírito de Nadal.

E cando chegaron as dúas panxoliñas orixinais, con música e letra de Xulio Loureiro (La Navidad es e A Festa de Belén) o ambiente mudou de nivel. Porque hai algo moi potente en escoitar temas novos que nacen con alma de tradición, coma se levasen anos vivindo dentro da xente e só estivesen esperando a súa estrea.

Foi un deses momentos nos que se confirma algo importante: Tanxedoira non é só un conxunto; é unha tribu. Unha rede que se activa cando toca. Unha familia que entende que a cultura galega non vive só nos escenarios con focos: tamén vive nas entradas dos supermercados, nas rúas, nas miradas cómplices e na alegría compartida.

En definitiva, o do día 2 non foi só “amenizar compras”. Foi humanizar o inverno, darlle calor ao frío de xaneiro e lembrar que a música é ese lugar ao que sempre se pode volver, mesmo cando vas coa lista da compra e cero tempo para nada.

E nós volvemos. Cantamos. Contaxiamos. E deixamos claro algo que deberíamos poñer nun cartel: Tanxedoira é cultura en movemento. E cando se move, move corazóns. 🎵



Momento de panxoliñas en Carrefour.

/O que faremos.../

Xuntanza para comer.

Xa tiñamos ganas de xuntarnos para pasar un bo rato e darlle á barriga, que xa se nos facía longa a espera! Xa se pasou a época dos cocidos, pero nós non nos resistimos a facer unha boa comilona, acompañada despois dun rato de música, guitarras e moitas risas.

O encontro será o sábado 9 de maio no Javi Mar.

O menú será: croquetas caseiras de xamón, empanada caseira, calamares, tortilla, terneira asada con patacas e ensalada, e para rematar unha deliciosa tarta milloja de crema. Para acompañar, haberá viños D.O., auga, refrescos, café e un chupito.

O prezo é de 32,50 €.

Se van nenos, poden pedir directamente á carta en lugar de escoller o menú pechado.

Tamén está a opción de elixir peixe por 3 euros máis.

A lista para anotarse estará no local ata o luns 4 de maio, así que non vos durmades! Vinde pasar un día xenial connosco, comer, rir e tocar un pouco de música. 🎵


Alexia Díaz.

Tanxedoira.

Festival 48 aniversario.

O vindeiro sábado 25 de abril ás 17:00 h o C.C. Os Mallos encherase de música e emoción para celebrar os 48 anos de Tanxedoira.

Será unha tarde na que tradición e alegría se darán a man e onde o son das voces e instrumentos de Son de Monelos, Cantareiras de Cances, Sociedade Cultural Rondalla de Cedeira e o noso grupo de teatro, coro e rondalla nos farán viaxar pola memoria e a cultura da nosa terra.


A entrada é libre ata completar aforo e esta cita forma parte da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña. 

Tanxedoira.

Día do libro / letras galegas.

Faremos unha xornada de lectura e merenda compartida no noso local social, para desfrutar da lectura, da música e da boa compañía. Será o sábado 16 de maio, a partir das 17:30 horas.

Durante a primeira parte do encontro, entre as 17:30 e as 18:30, poderedes participar nas lecturas compartidas.

A continuación, teremos a merenda compartida. Para organizar mellor o que traerá cada un, agradecemos que nos comuniquedes a vosa aportación chamando ou escribindo ao móbil de Tanxedoira indicando o voso nome e se traedes algo doce ou salgado. Non é necesario traer moito, que logo sempre sobra, e a bebida poñémola nós. 


Tanxedoira.

Festival Fin de curso.

O sábado 21 de xuño ás 17:30 h no C.C. Castrillón celebramos xuntos o talento, o esforzo e a creatividade do noso alumnado.

Teremos as actuacións dos alumnos das diferentes actividades musicais, unha exposición cos traballos realizados polo alumnado de patronaxe e talla de cristal, e un agasallo moi especial para os nosos

monitores, agradecendo o seu traballo desinteresado e sempre cheo de entusiasmo.

Non faltarán algunhas sorpresas máis que vos farán pasar unha tarde moi agradable e divertida. 

Tanxedoira.


Comida fin de curso.

O sábado 4 de xullo no xardín da casa de Ana e Roberto, celebraremos a comida de fin de curso.

O menú incluírá churrasco variado (cerdo, terneira, polo), chourizo criollo, panceta e, se hai na lonxa, tamén sardiñas. Para acompañar, haberá auga, refrescos, algo de viño e cervexa.

Temos diferentes modalidades para adaptarnos a todos. Os prezos do ano pasado foron os seguintes:

- 15 € menú completo (comida + bebida)
- 12 € menú completo se traes un doce para compartir
- 3 € se prefires traer ti a túa comida
- 5 € para nenos menores de 12 anos.


A data límite para anotarse é o luns 29 de xuño. Podedes facelo enviando unha mensaxe por aquí ou anotándovos na lista que estará no local. 

Tanxedoira.

Excursión Fin de curso.

Aínda non temos o percorrido da excursión de este ano pero informar que a data prevista é o domingo 5 de xullo así que ida anotando na vosa axenda para deixar libre ese día e poder anotarnos cando teñamos todo listo.

Lembrede que en función do número de persoas poderemos ir nun bus grande ou nun microbús (con menor número de prazas) así que en canto informemos da excursión anotádevos para non quedarvos fóra.

O prezo, aínda sen definir será máis ou menos como o ano pasado para incluír o pago do autobús mais as visitas programadas así que rondará os 30 euros seguramente. 

Tanxedoira.

/ A destacar.../

Aqueles maravillosos anos!



1996. Cena baile

Axenda

📅 Sábado 25 abril.

FESTIVAL 48 ANIVERSARIO.- Ás 17:00 no C.C.Os Mallos.

📅 Sábado 9 maio.

XUNTANZA PARA XANTAR. No Restaurante Javi Mar ás 14:00, previa reserva

📅 Sábado 16 maio.

DÍA DO LIBRO / LETRAS GALEGAS.- A partir das 17:30 horas, no local social.

📅 Sábado 21 xuño.

FESTIVAL FIN DE CURSO.- Ás 17:30 no C.C.Castrillón.

📅 Sábado 4 xullo.

COMIDA FIN DE CURSO.- A partir das 14:00 no xardín de Ana e Roberto (consultar prezos).

📅 Domingo 5 xullo.

EXCURSIÓN FIN DE CURSO.- Pendente de definir percorrido e prezos

Publicación
subvencionada pola
Deputación da Coruña.

